

se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 15 de xuño de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de biólogos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión do tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 176, do 11 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de biólogos, que tivo lugar o día 15 de xuño de 2009, adoptáronse, de conformidade co establecido na orde de convocatoria, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro.-Vistas as reclamacións presentadas, faise pública, como anexo a esta resolución, a baremación definitiva da fase de concurso con indicación da puntuación obtida polos aspirantes, tanto de acceso libre como de promoción interna, en cada epígrafe, consonte co establecido na base II.3.5 da orde de convocatoria.

Segundo.-De acordo co establecido na citada base da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Juan José Valiela Villar
Presidente do tribunal
ANEXO

Puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de biólogos

Promoción interna

Apelidos e nome	Base II.3.1.1	Base II.3.1.2	Base II.3.1.3	Base II.3.1.4	Base II.3.1.5	Total
Castro Vázquez, M ^a Montserrat	1.72	2.1	0.6	0	1.8	6.22
Rodríguez Carballo, Susana	5.68	2.5	2.2	0	2	12.38

Acceso libre

Apelidos e nome	Base II.3.2.1	Base II.3.2.2	Base II.3.2.3	Base II.3.2.4	Total
Calo Miguens, María Dolores		16.0			16.0
Camiño Soto, Juan Manuel		12.4			12.4
Cuñas Olmedo, Pedro		4.8		16.0	16.0
Díos Núñez, José Alejandro					
Febrero Mayor, Fernando Manuel		16.0			16.0
Fernández Martínez, Rosa María		7.0			7.0
García-Cabezón Ferreiro, Antía					
Gómez Losada, Miguel		16.0	3.8		16.0
Jorge Fernández, María de la Fe		1.6			1.6
No Couto, Edgar		4.2			4.2
Novoa Fernández, Diego de					
Picado López, Laura					
Redondo Fernández, Vanesa				2.4	2.4
Rodríguez Rodríguez, José Manuel					
Seijo Muras, Eva					
Suárez Arias, Eduardo		16.0			16.0
Vidal Álvarez, Carmen María					

Resolución do 16 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística.

En virtude da Resolución do 15 de maio de 2009 da Dirección Xeral da Función Pública, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 25 de maio, aprobáronse as listaxes provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística.

Unha vez transcorrido o prazo regulamentario para a presentación de emendas sobre as ditas relacións de admitidos e excluídos, de conformidade co artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4.2. das que rexen o proceso selectivo convocado pola Orde do 24 de outubro de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 211, do 30 de outubro, modificada pola Orde do 24 de marzo de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 62, do 31 de marzo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listaxes definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística.